

# ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/3	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:** Extraordinaria  
**Data:** 7 de febreiro de 2024  
**Duración:** Dende as 20:00 até as 20:41 horas.  
**Lugar:** SALÓN DE PLENOS  
**Presidida por:** MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ  
**Secretaria:** CLARA ORTEGA FERNÁNDEZ

## ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	Alba Quintela Vilariño	SÍ
78792417Y	Ana Belén Del Río González	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
45961024D	Anxo Núñez Fernández	SÍ
44843850Z	Carlos Leis Pedrosa	SÍ
79327212M	Domingo Antonio Troncoso Martelo	SÍ
44817796L	Daniel Rodríguez Gándara	SÍ
78787194G	Francisco Calo Abelleira	SÍ
33265012C	José Antonio Caamaño Lestón	SÍ
79327861X	José Manuel Ramos Caamaño	SÍ
78793193T	Manuel González López	SÍ
33260032P	María Beatriz Molinos Vidal	SÍ
33277711T	María Soledad Agra Tuñas	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



**Expediente 774/2023. Dar conta da Liquidación do Orzamento de 2022.**

Polo Sr. Alcalde dase conta sucinta ó Pleno da Corporación da aprobación da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio 2022. O Pleno dase por enteirado.

**Expediente 839/2023. Aprobación, se procede, do "POS+ 2024".**

Vista as bases reguladoras do plan provincial ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2024, publicadas no BOP número 227, do 28.11.2023, pola Alcaldía elévase á aprobación do Pleno da Corporación o seguinte

**ACORDO**

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

**A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	255.616,40
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**B) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2024</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nosabastece m. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2024</b>					



ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación €	Concello		
Achega municip al			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Tota l Conc ello	
Pavimentación vias núcleo de Moledo (Outes)	58.416,30	0	0	0	58.416,30
Pavimentación vias núcleo de Cambeiro (Outes)	35.497,18	0	0	0	35.497,18
Muro na Famelga (Matasueiro)	36.015,25	0	0	0	36.015,25
Mellora núcleo de Sendón (Valadares)	68.304,40	0	0	0	68.304,40
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>	<b>198.233,13</b>				<b>198.233,13</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0
<b>Subtotal redución da débeda do concello coa deputación</b>	<b>0</b>

#### D) Resumo:

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación €	Concello			Orzamento Total €
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	255.616,40			255.616,40
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)				0
B- INVESTIMEN TOS	Achega 2024				0
	Achega 2023	198.233,13			198.233,13
C- REDUCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024				0
	Achega 2023				0



<b>D- TOTAL</b>	<b>Achega 2024</b>	255.616,40				255.616,40
	<b>Achega 2023</b>	198.233,13				198.233,13
	<b>TOTAL</b>	<b>453.849,53</b>				<b>453.849,53</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)</b>	<b>(A) Orzamento de contrata €</b>	<b>(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B) €</b>
Acondicionamento planta superior colexio vello do Cruceiro de Roo para escola música	129.473,62	0	129.473,62
Mellora vias en Braño (O Freixo)	57.449,92	0	57.449,92
Renovación abastecemento e saneamento Avenida de Fisterra	124.493,66	4.699,47	119.794,19
Pavimentación vias núcleo de Cando (Cando) e outros	74.033,58		74.033,58
<b>TOTAIS</b>	<b>385.450,78</b>	<b>4.699,47</b>	<b>380.751,31</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Durante a quenda de intervencións, en primeiro lugar intervén o Sr. Alcalde para ofrecer aos membros da Corporación unha explicación pormenorizada do contido do expediente, sinalando que a proposta que se somete a aprobación contén tanto o POS ordinario como o POS Complementario.

No tocante ó POS Ordinario, a achega da Deputación ascende a un total de 453.849,53 euros, dos cales, 255.616,40 adícanse a gasto corrente, e os restantes 198.233,13 a gasto de investimento, que se desglosan nun total de 4 proxectos:

- Pavimentación viais núcleo de Moledo (Outes)
- Pavimentación viais núcleo de Cambeiro (Outes)
- Muro na Famelga (Matasueiro)
- Mellora núcleo de Sendón (Valadares)

Por outra banda, o POS Complementario supón unha achega de 385.450,78 euros, adicados a outros 4 proxectos:

- Acondicionamento planta superior colexio vello do Cruceiro de Roo para escola música
- Mellora viais en Braño (O Freixo)
- Renovación abastecemento e saneamento Avenida de Fisterra
- Pavimentación viais núcleo de Cando (Cando) e outros

Finalizada a explicación da proposta, polo Sr. Alcalde concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen realiza a seguinte intervención:

“Para empezar, temos que dicir que as inversión que vostedes propoñen todas son necesarias, naturalmente unhas máis que outras, pero todas necesarias.

Entendemos que algunhas delas, se houbera un goberno con capacidade para pelexalas ben, poderíanse financiar doutra maneira e utilizar eses fondos para outras actuacións mais acaídas.

Observamos no expediente, que no reparto de actuacións, varias parroquias quedan sen ningunha inversión neste Pos Único 2024:

Non vemos ningunha proposta para Tarás

Non vemos ningunha proposta para Entíns

Non vemos ningunha proposta para San Ourense

e Non vemos ningunha proposta para San Cosme

Sen embargo, o que si vemos, é unha proposta para destinar a gasto corrente bastante avultada, nin mais nin menos que 255.616,40 €.

En anteriores POS xustificaban a utilización de cartos dun plan que se denomina Plan de Obras e Servizos para financiar gasto corrente polo incremento do gasto enerxético. Agora esa escusa xa non estará vixente, xa que fai uns días vostedes adxudicaron un contrato para electricidade, do que vostedes presumían dicindo que ía supoñer un aforro importantísimo, iso si, xa sen falar dos 40 mil € anuais que ían aforrar co cambio de luminarias que presumían fai



uns anos, e despois deste suposto aforro, vemos como os cartos do POS dedicados a gasto corrente, en vez de baixar, aumentaron considerablemente.

Pode ter que ver o aumento do gasto corrente, co aumento do 68% en soldos de políticos con respecto ao mandato anterior (de 78.925 €/ano a 132.800 €/ano), e iso sen saber o gasto que se incrementou en Seguridade Social polas dedicacións que se aumentaron, que non sabemos porque solicitamos ese dato fai 7 meses e inda non obtivemos resposta por parte do goberno. Ao mellor inda van necesitar algunha dedicación máis para que leve o departamento de transparencia.

En calquera caso, esperemos que eses cartos dedicados a gasto corrente sirvan para ampliar os créditos desas partidas que vostedes esgotan con tanta facilidade, sobre todo aquelas que teñan que ver con que os provedores do concello de Outes poidan cobrar os seus traballos en tempo e forma e non teñan que esperar, como nalgún caso, máis de 1 ano.

De calquera maneira, adiantamos que imos apoiar co noso voto favorable esta proposta porque entendemos que as actuacións son necesarias e beneficiosas para os veciños e veciñas de Outes, inda que se podían atender máis se fixeran unha boa xestión.”

De seguido, polo Sr. Alcalde concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Anxo Núñez Fernández, quen considera que o Concello de Outes está a facer unha proposta moi razoable e incluso ambiciosa para atender as necesidades do Concello, que, por desgraza, son moitas e non poden cubrirse cun só Plan. Pregúntalle ó Sr. Voceiro do Partido Popular qué actuacións considera mais prioritarias que as plantexadas na proposta. Considera innecesario entrar a valorar a cuestión das dedicacións do Grupo de Goberno.

O Sr. Alcalde concede o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen indica que xa no ano 2018, a Concelleira D<sup>a</sup> Beatriz Molinos saíu nos xornais polo proxecto da humanización da Avenida de Fisterra, e, dende entón, a Xunta non foi quen de dotar financiación para atender esta obra tan prioritaria.

Intervén a continuación o Sr. Alcalde para o peche da primeira quenda de intervencións, sinalando que o Grupo Municipal do Partido Popular tivo a oportunidade de formular ás súas propostas de inversións para o POS, e non propuxeron nada. No tocante ó gasto corrente, indica que o gasto enerxético nos derradeiros exercicios foi importante, e que esta situación non se revirte no ano 2024, xa que hai facturas pendentes de pago do exercicio anterior que se van a aplicar no orzamento do 2024. Ademais, o contrato acaba de adxudicarse na Xunta de Goberno Local celebrada fai apenas unha hora, e se ben implicará un importante aforro enerxético, a formalización e entrada en vigor do mesmo debe esperar o prazo legal de 15 días hábiles para a interposición de recursos.

Apunta tamén que o incremento do gasto corrente obedece á posta en marcha por parte do Goberno municipal de novos servizos, como a Escola Infantil Municipal, un custo que antes non existía e que agora chega a acadar perto dos 200.000 euros anuais, dos que a Xunta apenas aporta 30.000 euros. Critica que a política de gratuidade das escolas infantís posta en marcha pola Xunta de Galicia en realidade é soportada, en canto ó financiamento, polos Concellos.



Na quenda de réplicas, fai uso da palabra o Sr. Voceiro do Partido Popular, que realiza a seguinte intervención:

“Miren membros do goberno, o día 7 de Xullo do ano 2023, despois de que gañara as eleccións o Partido Popular, vostedes tres xuntáronse para gobernar Outes, asumindo así unhas responsabilidades das que agora parece queren descargar na oposición. A responsabilidade do goberno é conseguir inversións para Outes negociando coas administracións superiores, estean gobernadas por quen estean, e ese é o seu traballo e polo que cobran o soldo pagado polos veciños e veciñas de Outes.

De calquera maneira, poñémonos á disposición do goberno de Outes para acompañalos a negociar ante calquera administración, sexa da cor que sexa, se vostedes non se ven capaces de facelo sós ou se consideran que a nosa aportación pode ser beneficiosa para Outes. O que non poden pretender e que o fagamos unilateralmente dende a oposición.”

De seguido, concédese a palabra ó Sr. Voceiro do Bloque Nacionalista Galego, quen sinala que as obras da Avenida de Fisterra foron prometidas fai mais de 10 anos, o que demostra que non constitúen unha prioridade para o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, que non lles importa este Concello. Indica tamén que o BNG leva anos presentando enmendas ós Orzamentos da Xunta de Galicia a fin de que se inclúa a financiación desta obra, e todos os anos, o Partido Popular vota en contra, polo que Concello de Outes está abandonado por un Goberno da Xunta totalmente incompetente.

Conclúe apuntando, en relación á afirmación de que o Partido Popular gañou as pasadas eleccións municipais, que a veciñanza de Outes votou en mais dun 52% por opcións do bloque de esquerdas, e que as inversións contempladas neste POS son as que Outes necesita.

De seguido, fai uso da palabra o Sr. Voceiro do Grupo Municipal Socialista, quen agradece o ofrecemento do Sr. Voceiro do Partido Popular para acompañalos a negociar ante outras Administracións, contando coa súa palabra para, no momento en que sexa necesario, acceder co Sr. Francisco Calo á Xunta de Galicia en beneficio dos veciños de Outes.

Conclúe a quenda de intervencións o Sr. Alcalde, indicando que non quere pensar que a Xunta de Galicia emprega discrecionalmente os seus fondos, e só apoia con investimentos os gobernos locais de certa cor política. Agarda que esta importante inversión sexa executada neste mandato, se ben insiste na importancia de que as Administracións Públicas non miren a cor de quen goberna nun lado e no outro. Considera que nos últimos anos o Goberno da Xunta de Galicia non atendeu ao Concello de Outes seguindo criterios de obxetividade.

Rematada a quenda de intervencións, polo Sr. Alcalde sométese a proposta de Acordo a aprobación, resultando APROBADA por UNANIMIDADE.

**Expediente 862/2023. Aprobación, se procede, do "POS+ Adicional 1/2024".**

Pola Alcaldía elévase á aprobación do Pleno da Corporación o seguinte

**ACORDO.**



1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2024” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial  
preasignada do POS+  
ADICIONAL/2024**

73.033,26 €

**Dato notificado que  
figura no seu expediente**

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A+B)	(D)	(E=C-D)
a. Reforzo-ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello mediante a nova contratación ou ao mantemento de persoal xa contratado como reforzo ou ampliación en anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b. Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás unidades de convivencia en risco de exclusión social segundo a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia cando exista unha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que non asegure a cobertura das necesidades básicas, como son a vivenda e gastos para o seu mantemento, alimentación, educación, gastos médicos e farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.	21.500,00 €	1.900,20 €	19.599,80 €	19.599,80 €	0,00 €
c. Ampliación do servizo de axuda no fogar, tanto nas atencións de carácter básico como nas actuacións de carácter complementario, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como servizo de perruquería, xantar na casa ou comedor sobre rodas entre outras. O importe non pode ser destinado nin a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos	39.558,96 €	5.000,00 €	34.558,96 €	34.558,96 €	0,00 €





servizos sociais municipais FOPPSS nin a cubrir a achega municipal que xa viña achegando o Concello ao servizo previamente ás anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, neste caso só se poderían incluír os gastos correspondentes ás prazas ampliadas nas anteriores edicións do POS+ ADICIONAL 1 para gastos sociais extraordinarios, non á totalidade do servizo. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d. Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a unidades de convivencia que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e. Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos, valoradas polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f. Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g. Alugamento de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria, tales como camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais municipais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h. Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás unidades de convivencia consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>61.058,96 €</b>	<b>6.900,20 €</b>	<b>54.158,76 €</b>	<b>54.158,76 €</b>	<b>0,00 €</b>



<b>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</b>					
---	--	--	--	--	--

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A+B)	(D)	(E=C-D)
i. Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas cunha ausencia ou déficit grave de recursos económicos que necesiten de material asistencial para a súa vida diaria tales como camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polo equipo técnico dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
j. Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais.	18.874,50 €	0,00 €	18.874,50 €	18.874,50 €	0,00 €
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	<b>18.874,50 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>18.874,50 €</b>	<b>18.874,50 €</b>	<b>0,00 €</b>

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024</b>	<b>79.933,46 €</b>	<b>6.900,20 €</b>	<b>73.033,26 €</b>	<b>73.033,26 €</b>	<b>0,00 €</b>

<b>I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES</b>	<b>54.158,76 €</b>
<b>II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)</b>	<b>0,00 €</b>
<b>III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)</b>	<b>18.874,50 €</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2024 (I + II + III)</b>	<b>73.033,26 €</b>

2.- Comprometerse a a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Polo Sr. Alcalde ofrécese unha explicación detallada da proposta, que ten un reparto semellante ao aprobado en ocasións anteriores:

- Ampliación das partidas municipais de emerxencia social.



- Mellora da mobilidade.
- Servizo de axuda no fogar.
- Investimento na adquisición dun novo vehículo para as traballadoras do servizo, así como investimento en equipamento informático da Área de Servizos Sociais.

Durante a quenda de intervencións, polo Sr. Alcalde concédese o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Francisco Calo Abelleira, quen realiza a seguinte intervención:

“Con respecto a este punto non imos a dicir moito, xa que son cartos destinados a Servizos Sociais, que é unha área que atende á xente máis vulnerable, o único que queremos matizar é que vostedes normalmente quéixanse da falta de persoal para sacar adiante a parte burocrática do concello. Sen embargo este Pos adicional contempla a posibilidade de incluír persoal técnico ou administrativo aos Servizos Sociais do concello e vostedes non aproveitaron esa oportunidade.

Por último, gustaríame dicirlles que desta vez xestionen mellor estes cartos do POS Social para que non pase o mesmo que no ano 2020 que devolveron máis de 25.000 €, ou no ano 2021 que devolveron máis de 40.000 € por non xustificalos.

Nada máis, adiantamos que vamos apoiar a súa proposta.”

O Sr. Alcalde da por rematada a quenda de intervencións, sometendo a aprobación a proposta formulada, resultando APROBADA por UNANIMIDADE.

<b>Expediente 860/2023. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2022.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Visto que a Intervención procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2022, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Intervención procedeu a emitir o correspondente informe en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas desta entidade, en sesión celebrada en data 10 de xaneiro de 2024, emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2022.

Visto que mediante anuncio publicado no BOP núm. 9, de data 11 de xaneiro de 2024, a Conta Xeral —xuntamente co informe da devandita comisión— foi obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, as persoas interesadas puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade co contido da certificación librada por Secretaría da Corporación, durante o prazo de exposición ao público da devandita Conta, non se presentaron alegacións, reparos nin observacións.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, elévase á aprobación do Pleno da Corporación o seguinte

### ACORDO



**PRIMEIRO.** Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2022.

**SEGUNDO.** Remitir a Conta Xeral aprobada, xunto con toda a documentación que a integra, á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

O Sr. Alcalde explica que, logo dun longo proceso, por fin pode aprobarse a Conta Xeral correspondente ó exercicio 2022, indicando que é plenamente consciente do retraso na tramitación do expediente, se ben considera que, afortunadamente, ilo non terá consecuencias relevantes para o Concello. Indica que se procederá a remitir a Conta aprobada á maior brevidade posible ós órganos de fiscalización externa.

Durante a quenda de intervencións, concédese o uso da palabra a D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal, Concelleira do Partido Popular, quen realiza a seguinte intervención:

“Antes de nada queremos agradecerlle aos traballadores do Concello a labor que fixeron para armar este expediente, tanto aos do Departamento de Intervención como a todos os que participaron no mesmo.

Despois desto, gustaríanos dicir que este punto da orde do día deste Pleno extraordinario, debería ter figurado nunha sesión plenaria anterior ao día 1 de outubro do ano pasado, que era a data máxima para remitir ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas a Conta Xeral Municipal do exercicio 2022. Pero, aquí estamos, despois de que o Consello de Contas lles requirise o día 22 de xaneiro a presentación da Conta Xeral nun prazo máximo de 15 días, que acaban inminentemente, e 4 meses mais tarde do prazo establecido na normativa, estamos vendo como o Goberno Municipal, unha vez mais pon en risco os intereses dos veciños de Outes, porque vostedes, Sr. Alcalde, o que xestionan como goberno son asuntos que lles afectan a todos os outenses, e por eso tiñan que ser estrictamente prudentes e rigurosos cos mesmos e non proceder da maneira en que o fan, xogando sempre ao límite, na corda froxa, a última hora, tarde mal e arrastro.

Desta vez situaron vostedes ao Concello de Outes, nunha posición de dubidosa honra, a de estar entre os únicos catro concellos dos 93 que hai na provincia da Coruña, que a día de hoxe aínda non teñen presentada a Conta Xeral de 2022. Estes son datos de fai 4 días, non sabemos se neste tempo intermedio algún destes Concellos presentou a súa conta xeral, o Concello de Outes, dende logo, non o fixo.

Pero vostedes, coma sempre, eludindo responsabilidades, o seu relato sobre esta situación é que a conta xeral non a forma o Goberno senón o Departamento de Intervención, e que nesta ocasión non a formou. Coma se vostedes, que son o goberno, só pasaran por aquí de casualidade e non tiveran que gobernar e xestionar todo o que sucede no Concello.

Por certo, o feito de non ter presentada en tempo e forma a Conta Xeral, todos sabemos que pode ter consecuencias, que xa foron enumeradas noutros Plenos ante preguntas feitas polo noso Grupo. Nesas consecuencias, entre outras, está a imposibilidade de ter opción a presentarse a obtención de subvencións, nos no Pleno ordinario de decembro pasado preguntámoslle se xa houbera algunha consecuencia derivada dese asunto, daquela contestounos que naquel momento non, pero que eran moi, moi, repiteuno duas veces, conscientes do problema e que estaban facendo un intenso traballo político para que no futuro non as houbera, esto creo que o repiteu catro veces. Nos preguntámonos, a día de hoxe ¿está en condicións o Sr. Alcalde de asegurar que este problema non tivo ningunha consecuencia para o Concello de Outes?. Antes dixo que relevantes non, o que nos lle preguntamos son tanto relevantes coma irrelevantes.



A Conta Xeral de cada ano, non só é para render contas, senon que é o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada anualmente no aspecto económico, e permite coñecer a todos os cidadáns as operacións realizadas e o destino que se lle dou aos fondos públicos, así como o resultado económico desa anualidade. Ante isto, o que temos que dicir é que esta Conta Xeral, que hoxe traen a Pleno para a súa aprobación, foi a xestión que fixeron vostedes dos cartos dos veciños e son vostedes os que teñen que responder dela.

Tamén quixeramos dicir que esperamos que a tramitación en tempo e forma, como consideramos que que ten que ser, da Conta Xeral do 2023, a efectúen vostedes atendendo aos prazos que impón a normativa de aplicación, e que nesta ano 2024 Outes figure no listado de concellos que sí cumpren coa súa responsabilidade neste aspecto. Teñen que empezar xa, porque os prazos están sendo inminentes, e esperamos que os cumbran desta vez.”

Polo Sr. Alcalde faise uso da palabra para insistir en que a Conta Xeral é conformada e elaborada pola equipa do departamento de Intervención, a quen igualmente felicita polo seu traballo, destacando que foi excelente e realizado nun tempo record para poder aprobar a Conta, pero insistindo que, en todo caso, é froito do traballo de Intervención, non da equipa de Goberno.

Na quenda de réplica, intervén novamente D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal:

“Xa sabemos que a Conta Xeral a conforma o Departamento de Intervención, pero vostedes tamén estarán aquí para algo, ¿non?, como para xestionar o que sucede no Concello. Vostedes eluden responsabilidades, nada novo.

Ás preguntas que lles fixemos parece que non vai contestar, será que non se acorda do que era.....Entendemos entón que se vostede non se enche a boca agora decindo que non houbo consecuencias, é que debeu de habelas.”

O Sr. Alcalde da por suficientemente debatida a cuestión, sometendo a proposta a aprobación, resultando APROBADA por 7 votos a favor (CO, BNG e PSOE), 0 en contra e 6 abstencións (PP).

<b>Expediente 48/2024. Aprobación, se procede, do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos 2/2024.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Pola Alcaldía da Corporación elévase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Solventar os reparos manifestados pola Intervención municipal, dado que se trata de prestacións efectivamente realizadas e a beneficio desta entidade.

**SEGUNDO.** En consecuencia, autorizar os gastos a que se refiren as facturas afectadas.

**TERCEIRO.** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2024, por importe total de **317.057,97€**, que se corresponden coas facturas incluídas nas relacións contables referidas.

**CUARTO.** Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2024 prorrogado, os correspondentes créditos, con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións contables sinaladas no punto anterior.

Durante a quenda de intervencións, en primeiro lugar, o Sr. Alcalde explica de xeito breve o



contido do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, no que obran tanto facturas que non se presentaron ante o rexistro durante o ano 2023, como outras que, por uns motivos ou outros, non puideron ser pagadas durante dito exercicio.

Concédesse o uso da palabra a Concelleira do Partido Popular D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal, quen se pronuncia nos seguintes termos:

"No que respecta ao obxecto deste REC, pensamos, como sempre, que as facturas que están a deber e que se corresponden con servizos ou subministros que foron efectivamente prestados e conformados polo responsable do seu control, naturalmente hai que pagalas, deso non cabe ningunha dúbida, pero tamén pensamos que as empresas ou autónomos que traballan ou fan subministros para o Concello merecen que se lles pague en tempo e forma, neste REC hai facturas con data de moitos meses atrás, e como xa lle temos dito noutras ocasións, detrás desas facturas hai empresas e xente que adiantaron o seu traballo e os seus recursos para ver, despois de facelo, que non se lles corresponde co pago das mesmas nun tempo razoable, aínda que polo que dixo vostede no anterior Pleno non ten constancia de que haxa ningún proveedor que estea descontento coa situación de tardanza nos cobros.

Sr. Gonzalez, non hai peor cego que o que non quere ver, ou que nega o que ve, que realmente paréceme que é o que lle pasa a vostede e mais ao seu goberno, é que negan o que ven, porque a pouco que vostedes anden pola rúa tiñan que ter detectado ese descontento, e se non é así, é que viven vostedes fora da realidade.

Ata o de agora, con este segundo REC do ano 2024, suman vostedes máis de 286.000 € de facturas do ano pasado que deixaron sen pagar, e non sabemos cantas haberá a maiores nos máis que posibles futuros REC. Todos estes gastos teñen que imputarse ao Orzamento deste ano 2024, que por certo está prorrogado dende xuño do ano 2022, e esa imputación de gasto fará que as partidas adicadas a cada un dos conceptos correspondentes a estas facturas diminuirán o valor dos créditos orzamentarios que poderían ser usados neste ano para satisfacer necesidades dos veciños de Outes. Estas dúas circunstancias fan que estean gobernando vostedes o Concello en base a un documento dismunuído en valor e extemporáneo, que non reflexa as necesidades actuais senón as que vostedes consideraron que había a mediados do ano 22.

Por outra banda os reparos de intervención fan fincapé en que moitas das facturas que se inclúen neste lote correspóndense con gastos que fixeron vostedes sen estar aprobados e sen ter crédito para facelo, sendo o único documento que consta no expediente de cada gasto, a propia factura, nada máis. A nos esa forma de conducirse fainos ter dúbidas de que é o que se paga e de cómo se paga. Unha factura nada máis nun expediente, non é moita documentación que digamos.

Vai para oito meses que empezou a andadura deste Goberno a tres, e non se ven atisbos das melloras na xestión destes asuntos, debe ser que os que anunciaron que chegaban ao Goberno para mellorar o que non se viña facendo ben, aínda non comenzaron a súa anunciada labor. Nos, e mais moitos veciños, aínda que vostedes non teñan a capacidade de detectar ese sentir, consideramos que esta non é a forma correcta de manexar os cartos dos Outenses."

O Sr. Alcalde outorga o uso da palabra ó Sr. Voceiro do Partido Socialista, D. José Antonio Caamaño Lestón, quen afirma que continuará pelexando na parte que lle corresponde como parte de este Goberno para que as facturas se paguen aos provedores en tempo e forma.

Intervén o Sr. Alcalde, quen sinala, no tocante ós Orzamentos prorrogados, que se está traballando para a aprobación do Orzamento do 2024 á maior brevidade posible, no que se porá orde ós gastos e ingresos municipais. No tocante ós reparos da Intervención, recrimina que o anterior goberno do Partido Popular facía exactamente iso, e que nin tan sequer tramitaba unha sola autorización de gasto. Salia que o seu Goberno fixo un gran esforzo n



contratos menores tramitados nas respectivas etapas.

Sinala que acaba de ser aprobada a principal ferramenta de investimento deste Concello, sen unha soa proposta do Partido Popular, xa que dito grupo carece de propostas para este Concello, limitándose a criticar aspectos burocráticos como os pagos das facturas.

Na quenda de réplica, concédese o uso da palabra novamente a D<sup>a</sup> María Beatriz Molinos Vidal:

“No que lle dixen antes, ratifícome, non hai peor cego que o que non quere ver, e se vostede non quere ver as propostas do Partido Popular, que ten encima da mesa, dende fai moito tempo, sobre inversións para facer no Concello, pois nos non podemos facer nada diante da súa carencia.

Antes dixo que que iban traer un Orzamento para poñer orden en todo o que ten que ver coa economía municipal, eso non quererá decir que desde mediados do 2022 está todo desordenado, verdade?... xa me parecía que non o iba a recoñecer.

Non teño moito máis que decirlle Sr. Alcalde, se vostede non é capaz de ver o que ten diante, pois nos pouco podemos facer ao respecto.

Sobre o que dixo das autorizacións de gasto, nin as inventamos nos, nin as inventou ninguén, existen e utilízanse, xa está. Nada mais”

O Sr. Alcalde remata a quenda de intervencións sinalando que por suposto que existían, pero que o Partido Popular non as utilizaba.

Considerando suficientemente debatida a cuestión, o Sr. Alcalde somete a proposta a aprobación, resultando APROBADA por 7 votos a favor (CO, BNG e PSOE), 0 en contra e 6 abstencións (PP).

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:41 horas, de todo o cal, como Secretaria, dou fe.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

